

José Antonio Real Vázquez , (Xosé)

Nacín o 17 de decembro do ano 1963 , en Samos , no nº 15 da Avda.do Generalísimo , agora Avda. de Compostela grazas a que CxG está no Concello. Son fillo da Tita do Carteiro e do Ramón da luz . Estóu casado con Malena da Caixa e teño dous maravillosos fillos , Adrián e Iago .

As miñas aficións son principalmente a Música , viaxar e a fotografía , e , traballo de comercial nunha empresa de alimentación.

Son concelleiro de CxG dende as eleccións de maio de 2015 , formación política da que son Secretario Local dende o 28 de febreiro de 2014.

O amor polo meu Pobo e Concello fai que dende moi novo vaia participando na vida cultural do mesmo , así que fun o primeiro presidente da Asociación Cultural Sámanos e da Coral Polifónica , agrupacións sobre as que xiraron durante moitos anos , actividades de todo tipo na vida samonense.

No plano político , dende que chegamos a ter representación municipal , foi cando realmente se empezou a notar o traballo da oposición no noso Concello , pois o PP levaba dormido durante 8 anos , e seguíuno facendo estes últimos 4.

Levamos presentadas , ata a data de hoxe , 64 mocións , das cales foron rexeitadas a maioría , polo nefasto Goberno Municipal que temos , pero aínda así , coa aprobación de so 11 estamos orgullosos do acadado .

Recentemente fun proclamado polos meus compañeiros da Agrupación , de novo , candidato á alcaldía para as eleccións locais do 26 de maio , e preséntome coa ilusión de darlle un cambio total a este Concello , que precisa do noso proxecto para saír do pozo donde o meteu o PSOE fai xa 12 anos , ocupando a última posición da Comarca en renda , demografía e recursos empresariais.

Lémbrome con tristura do que foi Samos e por eso síntome con moita forza para darlle un xiro total a esta Longa Noite de Pedra que estamos a sufrir.

Agardo poder demostrarlle ós meus veciños que a única opción válida , de calidade e con sentidiño , é a nosa , a de Compromiso por Galicia.

Xosé Real Vázquez.

637789529

realsamos@hotmail.com

<https://www.facebook.com/Compromiso-Samos-211471449059737/>